BAIEG

ISSN 2975-9994

Boletín da Asociación Internacional de Estudos Galegos

Número 2 • Abril 2024

XIV Congreso da AIEG



AIEG, ponto e seguido... 1
Carlos Pazos-Justo
John Rutherford, de Oxford a Ribadeo 3
María Jesús Botana Vilar, María Xesús Lama López
Johannes Kabatek 6
María Jesús Botana Vilar, María Xesús Lama López
Historia da AIEG 15
María Jesús Botana Vilar, María Xesús Lama López
Experiencias en primeira persoa 17
Alberto Paz-Félix, Thayane Gaspar Jorge



AIEG, ponto e seguido...

Carlos Pazos-Justo
Presidente da AIEG

Chegado abril de 2024, procedemos a encenar o momento mais marcante da AIEG com a celebração do nosso XIV Congresso. As pessoas que temos estado envolvidas na organização, acreditem, esperamos estar à altura das circunstâncias e para tal temos trabalhado.

Com o vermelho dos cravos a pairar, tentamos preparar um congresso para todos/as associados/as e interessados/as em geral em que o académico rime com o (re)encontro pessoal que um evento desta natureza pode (e deve) significar. A celebração do nosso XIV Congresso marca

também um ponto quase final da equipa que durante este último período teve a honra de orientar os trabalhos da AIEG. Como vem sendo habitual, durante a próxima assembleia será eleita uma nova Junta Diretiva, à que desejamos a melhor das sortes e, portanto, alguns passaremos a ocupar uma outra posição no seio da associação.

Durante todo este tempo, a equipa sainte tem tentado, com maior ou menor perícia, com maior ou menor êxito, visibilizar, articular e fortalecer a AIEG. Com este propósito e com os recursos disponíveis (o tempo destes tempos sempre maiúsculo entrave…) avançamos com algumas iniciativas que, no melhor dos casos, poderão ter alguma continuidade. Nesta direção, demos atenção aos estudos galegos a nível internacional promovendo um encontro sobre o assunto (julho de 2023) e lançando o I Prémio Internacional de Estudos Galegos, do que teremos notícia durante o congresso. Este BAIEG, em que temos tentado dar notícia de eventos vários e, sobretudo, dar visibilidade a jovens e não tão jovens galicianistas (vejam-se as páginas a seguir), vai também ao encontro do desafio antes mencionado. À hora que isto escrevo não é ainda uma certeza absoluta, mas contamos com a divulgação deste Boletim coincidir com uma nova página web da associação já disponível. Não é muita coisa, assim contado, mais foi o que, com o apoio de várias organizações, conseguimos fazer com intuito de solidificar a natureza académica assim como a autonomia da AIEG. Pessoalmente foi um prazer pensar, labutar e aprender coletivamente portas adentro da AIEG.

E bom, feliz XIV Congresso para todos/as e continuação…



John Rutherford, de Oxford a Ribadeo

María Jesús Botana Vilar
Vicepresidenta da AIEG

María Xesús Lama López
Universitat de Barcelona

O profesor John Rutherford (Oxford University) foi o cuarto presidente da AIEG. Coñeceu Galicia cando chegou con 19 anos, para facer un intercambio cun rapaz de Ribadeo e perfeccionar o seu español. Alí encontrou o amor e pouco a pouco ese vencello afectivo pasaría a ser tamén académico. Foi

tradutor ao inglés de *Nimbos* de Díaz Castro, *La Regenta* de Clarín e de *El Quijote*. Creou con Benigno Fernández Salgado o Galician-English Translation Workshop en 1992 e despois continuou cos diferentes lectores. Por alí pasaron moitos escritores galegos a debater sobre a súa obra e dese traballo saíron moitas traducións ao inglés, como *Them and other Stories* de Méndez Ferrín.

BAIEG: Profesor Rutherford, en 1991 presentouse no congreso de New York a candidatura da Oxford University para organizar o seguinte congreso, pero como se produciu o seu primeiro contacto coa AEG de Estados Unidos e como se fraguou ese salto a Europa e a internacionalización, pasando de AEG a AIEG?
Todo foi cousa de Xoan González Millán, que tantas cousas fixo para fomentar os estudos galegos fóra de Galicia. Lémbroo con moito agarimo.

BAIEG: O congreso de Oxford en 1994 foi un éxito de participación. A partir desa experiencia, cal diría que pode ser a función destes congresos para a comunidade de galicianistas no exterior?
Os galicianistas que estamos no exterior acostumamos atoparnos bastante illados, cada un na súa universidade acompañado polo lector. Entón a posibilidade de xuntarse con outros galicianistas e compartir experiencias é moi importante.

BAIEG: Que novas necesidades considera que caracterizan o mundo académico actual e como se poderían atender desde a AIEG?
Evidentemente, os cartos. Máis que nunca nestes tempos de crise. Levo xa 15 anos xubilado e polo tanto bastante desconectado do mundo académico, pero diría que a AIEG ten que seguir convencendo a Xunta da necesidade de seguir apoiando economicamente os Centros de Estudos Galegos.

BAIEG: Vostede dirixiu, con Francis Lough (University of Birmingham), a *Galician Review* durante dez anos (1997-2007). Como valora os resultados desa experiencia? Considera que sería conveniente artellar algunha plataforma onde conservar e dar acceso aos contidos das diferentes revistas de estudos galegos que se publicaron ou se están a publicar no exterior?
Espero que a *Galician Review* fixera unha contribución decente. Non foi idea miña senón do primeiro lector, Beni, que tanto fixo para que o Centro de Oxford tivese un bon principio. Esa plataforma si sería boa idea.

BAIEG: Tamén organizou durante doce anos as xornadas "Mar por medio" en Ribadeo (1992-2004) que se recuperaron recentemente tratando temas do camiño de Santiago. Cales eran os seus obxectivos cando iniciou ese proxecto?
Os obxectivos foran principalmente dous: fortalecer a vida cultural de Ribadeo, e ofrecer aos galicianistas de fóra a posibilidade de coñecer esa parte de Galicia.

BAIEG: Do seu mestrado saíron investigadores moi destacados para os estudos galegos como Craig Paterson, que foi tamén presidente da AIEG desde a Cardiff University, ou Kirsty Hooper (University of Warwick). Que posibilidades



ve para a presenza dos estudos galegos na academia británica actualmente?
Algo se fixo, pero o que máis me preocupa é que cando faltan cartos os primeiros aforros que se lles ocorren aos políticos sempre están no eido da cultura.

BAIEG: Cal sería o seu consello para fomentar desde a AIEG a colaboración e os intercambios cos investigadores do ámbito anglosaxón?
O único que se me ocorre é tan evidente que sobraba dicilo: seguir avanzando valentes polo bo camiño. Perdón pola perogrullada.



Johannes Kabatek

María Jesús Botana Vilar
Vicepresidenta da AIEG

María Xesús Lama López
Universitat de Barcelona

Johannes Kabatek é catedrático de Lingüística Iberorrománica e de Lingüística Románica na Universidade de Zurich, dirixe o Arquivo Coseriu e tamén as revistas *Energeia*, que el mesmo fundou, e desde 2012 a *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*. Autor do libro *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual* (Edicións Xerais, 2000), dedicou ao estudo do galego boa parte da súa inxente produción científica.

BAIEG: No ano 1988 participaches como alumno no primeiro curso "Galego sen fronteiras" en Santiago de Compostela. Foi este o teu primeiro contacto con Galicia? Xurdiu aí o teu interese polo galego e polos estudos galegos?

Foi en setembro de 1988 cando participei no primeiro curso para estranxeiros que daquela dirixía Constantino García, con Manolo González como secretario. Eu estudara Filoloxía Románica en Tubinga e falárannos do galego como dialecto do portugués e que se falaba no noroeste da península ibérica. Naquel verán estaba facendo unhas prácticas na editorial Iberoamericana en Frankfurt, e un día chamoume o axudante da cátedra de Euxenio Coseriu dicindo "¡Déronche unha bolsa para estudar galego! Coseriu dixo que ti, como estudaches español e portugués, estarás interesado no galego e tes que ir". Constantino García fora lector de español en Bonn nos anos 60 e alí coñeceu a Coseriu. E cando fixeron eses primeiros cursos, el enviou cartas a toda a xente que coñecía na lingüística románica ofrecendo esas bolsas. Así que eu tiven que decidir, e abandonei aquelas prácticas para ir a Santiago. E sempre conto a anécdota de que ía co meu Dous Cabalos escoitando a radio e ao entrar en Galicia, xa de noite, sintonizou a Radio Galega e nin me decatei de que falaban en galego, que aquelo xa non era español, porque o galego da radio parecía máis español que outra cousa. A Compostela cheguei xa moi tarde, con moita choiva e estacionei mal. Ao día seguinte un guindastre levárame o coche e tiven que ir á policía. Falaban en castelán, pero algún tamén en galego; despois fun ao mercado e escoitando as señoras, aquelo xa era unha lingua que tiña máis dificultades de comprensión para min, como esperaba.

O curso causou moita emoción. Eramos os primeiros estranxeiros que iamos estudar galego e saiamos na tele e en todos os medios. E foi moi interesante porque viñan a facernos clases xente coma Ferrín, Villares, tódolos lingüistas do Ilga... Realmente tiñamos o mellor do mellor. Tiñamos clase de gramática pola mañá con Xosé Luís Regueira, que era fantástico, e nós eramos un grupo moi divertido e variopinto: había alumnos do Brasil, de Hungría, un alemán oriental que, como se soubo despois, traballara como espía na universidade e xente que máis tarde se dedicaría aos estudos galegos como Silvia Montero Küpper, Burghardt Baltrusch ou Ildiko Szijj. A min ese primeiro contacto deixoume impactado, estar alí un mes e coñecer Santiago e Galicia. E aínda volvimos no ano seguinte.

Despois, no 90, xa acabando a carreira comecei a estar un tempiño no ILGA traballando na miña tesiña. Interesábame o tema da normativa galega, os reproches de artificialidade, as discusións, as polémicas que houbo daquela entre lusismo e autonomismo, e tamén a realidade actual da lingua. Entón púxenme a estudar a historia da normativa galega desde o século XIX, as distintas propostas e os distintos argumentos.

BAIEG: Naquel momento estábase vivindo esa "primeira etapa de normalización lingüística". Como analizas ti ese proceso de normalización a respecto da lingua galega desde aquela até hoxe?

Esta pregunta dá para un día enteiro, é moi difícil dicir se foi positivo ou non. Os historiadores moitas veces néganse a dicir que "tería pasado se...", porque non pasou sen máis. A historia da normativización

e normalización da lingua galega é a dun país que ten unha situación sensible, onde hai unha solidariedade moi clara coa lingua pola grande maioría das persoas, pero houbo tamén unha visión do galego como unha lingua sobre todo falada e non de cultura, de escrita. Moita xente, cando empezou todo, desconfiaba do galego escrito e dicían non ser capaces de lelo nin de escribilo.

Por iso creo que o que se fixo veu condicionado pola situación que había. As propostas lusistas parecíanme coherentes, lóxicas, pero completamente inviables. Coñecendo xente nas aldeas e vendo os preconceptos que había co portugués e os portugueses, creo que tería sido totalmente imposible impoñer unha normativa lusista. E de feito, o lusismo foi un movemento elitista, urbano, nunca unha reclamación popular de grandes masas. O reproche da excesiva castelanización creo que foi xustificado, pero tamén foi así porque a sociedade galega era a que era. Había moitos prexuízos dos propios galegos cara á lingua e non se aceptaba unha lingua máis auténtica. Por exemplo, cando saíu a serie Dallas e alguén falaba con gheada, non foi ben visto. Foi moi distinto do catalán, que tiña unha normativa desde Pompeu Fabra e moita historia detrás, cunha burguesía catalá que apoiaba a lingua, aínda que tamén está un pouco mitificada esa historia. Agora galego e catalán pasan por unha fase problemática, se vemos as cifras. O galego tivo sempre a sorte de ter máis falantes e ter unha situación máis estable.

Nesa primeira fase criticábase moito a castelanización, unha diglosia externa que se traslada a unha diglosia interna, especialmente nas zonas urbanas. Pero sabemos que os lingüistas que prepararan a normativa non tiveron a culpa da castelanización das clases dirixentes e dos que actuaban nos medios de comunicación e no mundo público, que en grande parte viñan de clases urbanas ou semiurbanas moi castelanizadas. Hoxe cambiaron moitas cousas e sorpréndeme en dúas direccións, pois observo algúns avances e tamén retrocesos. Hai ámbitos onde o galego está moi normalizado, sen complexo ningún; o luns saín de Santiago no avión e no control do aeroporto todos falaban galego con normalidade, cousa impensable hai unhas décadas. Pero por outro lado, nas aldeas podes escoitar xente falando en castelán onde antes tamén sería impensable. Danse fenómenos moi paradóxicos nas dúas direccións. As cifras sociolóxicas que temos só dan indicios, pois ninguén sabe exactamente cal é a situación sociolingüística do galego porque as enquisas sempre son moi problemáticas; non obstante, creo que é certo que hai moitos efectos positivos deses últimos 35 anos, mesmo se o galego segue sendo unha lingua que está nunha situación de inferioridade con respecto á outra lingua que está tan presente. Por certo, agora que xa levo dez anos en Suíza observo que aquí en Suíza se fala moito galego. Os galegos en Suíza falan en galego.

BAIEG: Ti tes un vencello coa Sociedade de Catalanistas en Alemaña e tamén cos estudos galegos, que teñen máis dificultades para suscitar interese na academia, a pesar da numerosa poboación mígrante. Que factores destacarías como clave nas diferencias para a presenza dos estudos de catalán e do galego, especialmente no ámbito alemán e suízo?

A situación suíza é diferente á alemá, pois Suíza ten a maior porcentaxe de cidadáns

españois fóra de España en Europa. Hai dous anos fixemos un estudo que se chama Demolingüística del español en Suiza que está online no Instituto Cervantes e forma parte do proxecto "El español en Europa" [https://cvc.cervantes.es/lengua/espanol_europa/espanol_suiza/default.htm] e aí sae a cifra dos galegos: máis do 30% dos españois en Suíza son galegos. Tamén é elevada a cifra de cataláns, pero non tanto. O dos galegos é un fenómeno moi interesante porque hai centros galegos, de feito teño alumnos que son fillos de galegos e falantes de herdanza que xa naceron aquí, que falan alemán, español e galego, e algúns chegan a estudar filoloxía hispánica ou románica. Nótase que teñen unha certa identidade galega, viaxan a Galicia e teñen alí familia. No equipo nacional de Suíza había máis galegos que no equipo nacional de España no último mundial de fútbol; e o por exemplo o alcalde de Xenebra, Alfonso Gómez, é galego. Teño dous colegas galegos nas cátedras desta universidade, un xurista e unha latinista. Galicia está moi presente neste país, moito máis que Cataluña. Os Casals cataláns están nunha certa crise porque hai poucos inmigrantes novos e moitos dos maiores xa retornaron. Os galegos tamén retornan, pero son tantos que non afecta apenas, e hai novas xeracións de emigrantes; o outro día viaxei cuns galegos de entre 25 e 35 anos que traballaban aquí en Google, pero no traballo comunícanse en inglés, que é a segunda lingua máis falada na cidade de Zurich.

E no ámbito académico eu non vexo tan pouca presenza. Aquí na universidade de Zurich é onde máis presenza de linguas románicas hai en Suíza; temos unha lectora de catalán, unha lectora de euskera, e un pequeno centro de estudos galegos sen lector pero no que realizamos continuamente actividades relacionadas coa lingua galega e os alumnos teñen moito interese. Eu con regularidade ofrezo clases e, por exemplo, dei un curso de Lingua Galega durante a pandemia e estaba cheo. A miña colega Itzíar López deu un curso sobre Cunqueiro e eu un sobre a lingua galega e tiña máis de vinte estudantes. Antes da pandemia, fixemos unha viaxe a Galicia cun grupo d estudantes e cando no primeiro día o guía na catedral de Tui preguntou se debía falar en inglés ou en español, o grupo de alumnos unanimemente berrou: "galego, galego!". Ata Valentín García, de Política Lingüística, ficou impresionado co grupo porque nun encontro que tivemos todos tentaban facer preguntas en galego. Suíza é un país plurilingüe, cunha mentalidade e unha cultura de comunicación interdialectal que está moi viva. Aquí a xente está moi afeita a facer un esforzo cando se escoita a outro, e normalmente inténtase a pluralidade lingüística, falando cadaquén o seu.

Tamén facemos actividades que sempre suscitan moito interese e producimos algún traballo no campo da investigación: agora temos aquí unha postdoc, Vanesa Rodríguez, que fixo unha tese en Heidelberg en colaboración connosco sobre consultas médicas e alternancia de código entre castelán e galego en Galicia. Agora está cun proxecto sobre as consultas médicas dos galegos en Suíza, especialmente sobre os maiores que teñen problemas de comunicación.

BAIEG: Como director do arquivo Coseriu, da revista Energeia e de varios proxectos europeos, como ves a presenza dos estudos galegos no ámbito da investigación e a posibilidade de

potenciar a mobilidade para a formación de novos investigadores?
Vexo que hai un potencial importante. Aquí hai relativamente poucos que se centren no estudo do galego despois de traballos de fin de grao, pero creo que por exemplo a situación dos galegos en Suíza está infraexplorada, habería que facer estudos. E outro aspecto sería Suíza como lugar de formación de lingüistas; de feito, agora estou na comisión externa de asesoramento do ILGA, que está nunha fase de renovación, e hai toda unha xeración que se vai xubilando e que son excelentes profesionais cunha formación e un coñecemento da lingua que nunca se tivera antes. Falta unha xeración nova que poida continuar na liña de persoas como Ramón Lorenzo, Antón Santamarina, Francisco Fernández Rei, Manolo González, Xosé Luís Regueira e toda a tradición dos que se formaran como dialectólogos galegos e sentaron as bases dos diferentes proxectos do ILGA. Co Atlas Lingüístico xurdiu unha escola de persoas que sabían todo sobre a realidade do galego. Tiñan unha base moi boa para elaborar un léxico e axudar no proceso de normalización. Agora non resulta fácil encontrar o relevo, faltan persoas formadas ou interesadas en diferentes áreas, e creo que podería ser interesante organizar máis intercambios.

Hai un problema de financiación, sobre todo porque Suíza é un país moi caro e aínda que a mesma Suíza teña algúns programas de intercambio que funcionen de tal xeito que se poida vivir aquí, son poucos. Estamos agora organizando o Congreso Internacional de Historia da Lingua Española para xullo, e realmente os prezos de aquí asustan e por iso incluímos as comidas na cota para facilitar a participación. Pero creo que si, deberíamos facer para ter ese intercambio: galegos a Suíza e viceversa, sobre todo a nivel académico.

BAIEG: Hai centros de excelencia en lingüística como a vosa universidade e pode ser moi interesante ir a completar a formación de investigadores aí, pero cales son os medios para poder abrir ese camiño? Desde os Centros de Estudos Galegos e a AIEG podemos incentivar e xerar vías de traballo para buscar financiamento?
É difícil pero sempre hai posibilidades. Tivemos aquí varios casos de estudantes que viñeron un semestre ou dous a Suíza, galegos que fixeron unha estadía, sempre temos contacto con investigadores aos que convidamos. Por exemplo, organizamos cursos para doutorandos e viñeron nun ano Xosé Luís Regueira e outro María Carmen Parafita Couto, e tamén doutorandos galegos que convidamos a participaren nestes cursos que organizamos nos Alpes.

BAIEG: Tedes cátedra de Estudos Galegos? Podedes convidar desde o Centro a profesores, como facían en Nova York?
A Xunta dá unha pequena subvención para actividades e non chega para pagar estadías. Pero os cursos que facemos podemos financialos completamente desde a nosa universidade. O que é máis difícil é unha estadía longa. Habería que ver, pero é unha cuestión política e ao mellor non é fácil, pero poderíase intentar crear un programa de intercambio hispano-suízo dada a situación deste país con respecto a Galicia e porque tamén hai moita presenza suíza en Galicia. Por exemplo, podes ir á Costa da Morte e falar con calquera e todos teñen familia en Suíza, estiveron en Suíza, teñen unha casa estilo suízo… hai unha presenza cultural e económica moi forte.



BAIEG: Aproveitando que ti estás vinculado aos Centros de Estudos Galegos e coñeces de primeira man o seu funcionamento, non cres que poderíamos artellar unha rede de colaboración entre os CEG presentes en 36 universidades diferentes e organizar actividades en común para dar máis visibilidade aos estudos galegos?

Penso que é máis fácil que nunca e creo que a verdade é que si. Esta rede internacional do galeguismo iniciouse con moito entusiasmo e eu lembro o congreso de Oxford, que foi moi emocionante, e tamén en Nova York con Xan González-Millán que era como un lugar de referencia. Pois poderíase recuperar un pouco daquel pulo e creo que organizar un ciclo de conferencias non custa nada e facer unha rolda presentando o que se fai, a visión de cada un. Paréceme unha boa idea, o problema é que todos estamos metidos en mil cousas. No meu caso, o galego está sempre presente nas cousas que fago. Agora, por exemplo, o galego en Suíza é algo que teño presente, estou pensando lanzar un proxecto e aínda están outros temas como o galego medieval, a plataforma da Bula "Ineffabilis Deus", un texto do XIX con tradución galega que publicamos en rede [**https://corpus-ineffabilis.org/**]; pero son cousas que van así entre miles doutras ocupacións. Estou totalmente disposto e interesado en colaborar nunha cousa así, pois é moi interesante saber o que se fai no mundo dos estudos galegos. Pódese facer simplemente por Zoom e despois xa se verá. Tamén algún encontro presencial

non estaría mal. Agora tedes o congreso, ao que eu desafortunadamente non podo asistir. Pero se a idea é manter un contacto máis asiduo, creo que hai moitas iniciativas posibles. Por exemplo durante a pandemia, a Asociación Brasileira de Lingüística ABRALIN creou a iniciativa de lecturas en rede que despois quedaron todas nunha plataforma (**https://aovivo.abralin.org**). Están todos os grandes lingüistas do mundo e agora iso queda case como un "monumento". E algo así poderíase facer no ámbito do galego: 36 lecturas do galego actual desde os diferentes CEG e sería algo significativo, visible e algo que podería incluír tamén reflexións do tipo "en que situación estamos agora?", e animar ás novas xeracións a continuar traballando sobre o galego.

Tamén é certo que estamos nun momento moi difícil para os estudos de humanidades en xeral, pero ao mesmo tempo hai moitos xoves que mostran interese.

BAIEG: O lema do noso congreso é precisamente "Horizontes da lingua galega e/na Lusofonía". Como ves ti ese horizonte da lingua galega en relación coa Lusofonía?

Realmente non sei, eu creo que o galego ten que ir por todas as vías posibles pero non creo que a solución do galego a nivel internacional sexa a unión co portugués porque vai quedar como un anexo pequeno, pois o portugués ten moito mundo xa propio. O galego ten que estar presente na Lusofonía, en contacto coa Lusofonía porque é o seu irmán natural, pero ao mesmo tempo ten que buscar presenza no mundo do hispanismo e presenza no mundo das linguas románicas en xeral. O galego ten esa vantaxe. Pero tamén hai que facer cousas propias, por exemplo esa idea de realizar esas trinta e seis conferencias sería unha cousa propiamente galega. Agora tivemos outra vez a reunión da comisión asesora do ILGA con participación portuguesa, catalá, española e galega e dixen desde o inicio que a lingua común que temos é o galego porque a entendemos todos; o galego pode funcionar como koiné peninsular polo menos a nivel académico, como lingua común dos iberorrománicos. Nese sentido ten vantaxe sobre o portugués e o catalán, que non se entenden tan facilmente desde as outras linguas se non se estudaron.

BAIEG: Como valoras a inminente posta en marcha do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade (Decreto 134/2023, de 28 de setembro). Cres que este órgano vai dar certa proxección dentro do mundo lusófono?

Non o coñezo, pero entra dentro do que está de moda agora, isto é, os observatorios das linguas. Certamente será outra oportunidade para o galego e a lusofonía, para estar presente e para formar parte de iniciativas que teñen sobre todo como base fomentar recollidas de datos. Vaise saber algo máis sobre a realidade das linguas. Paréceme ben que Galicia participe, aínda que non vai ser a solución para o galego.

BAIEG: Un dos teus proxectos centrábase na etimoloxía galega. Como investigador cales son os teus ámbitos de traballo prioritarios agora? Teñen vencello cos estudos galegos?

O da etimoloxía foi un proxecto propio e tamén participei nun proxecto coordinado entre as universidades galegas. Non saíu o Dicionario Etimolóxico Galego, o proxecto do Dicionario Harri Maier que está case

terminado pero non acadamos publicar aínda.

O máis actual é o que vou pedir este ano sobre as linguas en Suíza; teño pensado lanzar un proxecto sobre o portugués e galego en Suíza, a situación lingüística actual. De feito, neste momento estamos preparando un manual que se chama Espazos lingüísticos de Suíza e é o primeiro manual sobre a situación lingüística de Suíza que vai máis alá das linguas nacionais. As linguas como español, portugués, galego, albanés, serbio, croata e outras en Suíza non se documentaron nunca nun sentido amplo. Agora o inglés é a segunda lingua falada en Zúrich. Incluso moitos fillos de suízos xermanófonos falan inglés entre eles. É un fenómeno bastante recente pospandémico, que chama moito a atención. Todo iso está nese manual. Eu escribín sobre o español, o portugués e incluín un capítulo sobre o galego dentro deses traballos. Iso é só un primeiro paso para un proxecto que quero pedir este outono no Fondo Nacional Suízo, cunha praza para o portugués e outra para o galego, co fin de facer estudos sobre a realidade actual aquí e sobre o contacto lingüístico; a situación como lingua de herdanza do portugués e do galego, cales son os efectos deste contacto, cales os efectos de koinización entre portugueses e italianófonos, ou sexa, esa mestura de linguas en distintos ámbitos laborais en Suíza. Nesa dirección vou facer algo nos próximos anos. E de paso teño aínda algunhas cousas en marcha: esa Bula Ineffabilis do século XIX que mencionei que foi traducida a moitos idiomas; na realidade é un proxecto case inabarcable, pero contén unha tradución do texto ao galego, un texto nunha época da que temos pouco material en prosa galega. Tamén traballei hai tempo sobre Luis Luciano Bonaparte que fixo traducir o evanxeo de San Mateo ao galego, nesa mesma época, e tamén habería que publicar iso. E hai máis cousas en marcha e previstas, pero non chega o tempo…

Pódense consultar os proxectos de Johannes Kabatek na ligazón [https://www.rose.uzh.ch/de/seminar/personen/kabatek/projectsandresearch.html]



Historia da AIEG

María Jesús Botana Vilar
Vicepresidenta da AIEG

María Xesús Lama López
Universitat de Barcelona

Poderíase dicir que a Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) naceu dúas veces, e tal vez inda nacerá ou renacerá algunha máis, se temos en conta os retos de futuro.

A primeira vez foi no momento da súa fundación como Asociación de Estudos Galegos (AEG) dos EEUU, que se produciu en 1985 con motivo da celebración do I Congreso de Estudos Galegos na Universidade de Maine, organizado por Kathleen March. Así queda ligada a nosa historia a aquela universidade, que está situada na pequena cidade de Orono, no medio

dese estado costeiro do noreste, tocando á fronteira con Canadá. A experiencia daquel congreso rematou co entusiasmo dos participantes e o desexo de establecer unha continuidade naquel intercambio académico, o que deu lugar á idea de crear unha asociación, seguindo o exemplo da Associació Catalana d'Amèrica del Nord, que desenvolvía a súa actividade xa desde 1978.

Nese momento decidiuse crear a AEG nos Estados Unidos de América e que sería a súa primeira presidenta Kathleen March, ao mesmo tempo que se propuña a continuidade en congresos con periodicidade trianual e que o seguinte se celebraría na Brown University en 1988, onde Antonio Carreño se responsabilizaba da organización. As posibilidades desta rica universidade privada, situada na cidade de Providence (Rhode Island), contribuíron ao éxito dese segundo congreso que se acredita na abundante participación que recollen as actas

No terceiro congreso, celebrado en 1991 na City University of New York, baixo o impulso e organización de Xan González Millán, foi cando se produciu unha gran expansión da asociación potenciando a comunicación cos especialistas de estudos galegos procedentes de Galicia. Como consecuencia, nesa asemblea de socios decidiuse un cambio fundamental introducindo a dimensión internacional, de xeito que a AEG pasou a ser AIEG. O seguinte congreso foi o primeiro que se celebrou fóra dos Estados Unidos, coa acollida na primeira universidade europea que liderou a creación de lectorado de lingua e literatura galega, que foi a Oxford University, onde se organizou o congreso baixo o impulso de John Rutherford, que contou coa iniciativa e entusiasmo do primeiro lector de galego no exterior, Benigno Fernández Salgado.

En 1991, coa decisión de internacionalizar a asociación e levar o seguinte congreso a Oxford, iníciase unha nova xeira para AIEG, que coincide co despregamento da política cultural galega no exterior. Os académicos de diferentes procedencias que se achegan aos estudos galegos encontran por primeira vez interlocutores institucionais. A dedicación dos investigadores marcará unha ruta que se consolida coa creación de lectorados e cátedras de estudos galegos e por esa senda van circular tamén as actividades da AIEG.

En 1994 celébrase un gran congreso en Oxford de novo cunha nutrida participación de especialistas procedentes de Galicia xunto cos procedentes doutros países, unha confluencia que xa quedaría establecida como a tónica xeral para o futuro.

A continuidade deste salto oceánico encontrouno a AIEG en Alemaña coa presidencia de Dieter Kremer na Universität Trier da antiga Treveris, onde se abrira o segundo lectorado europeo desde 1992. Nese período fíxose xa necesario constituír a asociación como entidade xurídica, polo que se redactaron os primeiros estatutos para inscribila no rexistro de asociacións.

Seguindo o obxectivo marcado ao iniciar o proceso de internacionalización, traballouse tamén para encontrar a continuidade coa implicación do sector académico dos países americanos, buscando a alternancia na realización de congresos entre Europa e América. Con ese propósito a asemblea apoiou a proposta da Universidad de La Habana, presentada pola decana de Artes y Letras, Ana María González Mafud, que sería a anfitrioa do congreso do 2000.

Así vanse sucedendo as candidaturas de diferentes universidades do mundo que marcan un itinerario conformado por toda unha xeración de salientados e apaixonados estudosos da cultura galega como era o caso de Basilio Losada na Universitat de Barcelona, sede do congreso de 2003, e Rosario Suárez Albán da Universidade Federal de Baía, que acolleu o congreso de 2006.

O período que se inicia a partir dese ano, coa alianza das tres universidades galegas representadas na directiva baixo a presidencia de Burghard Baltrusch, representa un novo salto exponencial na organización da asociación marcado, sobre todo, polo cambio xeracional. Daquela modifícase un principio de configuración da xunta directiva que rexía desde o establecido polos primeiros socios fundadores e que consistía en que a persoa responsable da organización do congreso asumía a presidencia no período seguinte á celebración, mentres a vicepresidencia era asumida pola persoa que se responsabilizaba de organizar o seguinte. A imposibilidade de Suárez Albán para asumir a presidencia por motivos de saúde facilitou unha actualización que viña esixida daquela polas dificultades operativas que creaba o modelo anterior.

Como consecuencia deste cambio xurdiron nos anos seguintes experiencias vencelladas a brillantes personalidades mozas que protagonizaron un labor extraordinario nos seguintes trienios, primeiro coa presidencia de Craig Patterson, que organizou o congreso de 2012 na University of Cardiff, seguido por Débora Campos, que fixo posible a celebración do congreso de 2015 en Buenos Aires, unha cita mítica e obrigada para os estudos galegos. E dende a cidade porteña a Madrid, coa presidencia de Carmen Mejía iniciase unha nova xeira europea coa celebración do congreso de 2018 na Universidad Complutense de Madrid, do que quedará para a memoria a visita aos manuscritos das *Cantigas de Santa María* en El Escorial. Por último, o extraordinario núcleo de estudos galegos que se formou na Uniwersytet Warszawski recolleu o testemuño para organizar o seguinte congreso. Nese período xurdiu a pandemia de 2020 que tanto afectou as nosas vidas e, inevitablemente, tamén á AIEG, de maneira que por primeira vez houbo que adiar o congreso, que se celebrou cun ano de retraso, en 2022 baixo a presidencia de Ana Garrido.

Na moderna universidade de Varsovia e coas resonancias da música de Chopin vibrando con pulo romántico que espertaba a Europa dos pobos iniciou o seu camiño a actual directiva cunha proposta que irmandaba os centros de estudos galegos de Portugal e asumía a urxencia de recuperar o ano perdido para establecer unha nova cita en 2024. A Universidade do Minho dálles a benvida!

Publicado anteriormente na páxina do Igadi [https://www.igadi.gal/?s=historia+da+aieg]



Experiencias en primeira persoa

Alberto Paz-Félix
Centro de Estudos Galegos/Universidade do Minho

Estava no segundo ano do meu doutoramento em estudos literários pela Universidade da Corunha quando ouvi que o posto de leitor de galego na Universidade do Minho ficara vazio. Candidatei-me em março de 2022 e consegui o posto, renovando depois em setembro de 2022, e continuo nele até hoje. Cheguei aqui sem conhecimento prévio sobre os Centros de Estudos Galegos, as suas atividades e o seu rol.

Fundado em 1997 na cidade de Braga, surpreendeu-me muito a atividade do CEG da UMinho, com importantes par-

cerias com entidades e associações locais que têm uma longa tradição. Entre esta atividade, o Festival Cultural Convergências Galiza-Portugal e o Castro Galaico, organizados ambos com o grupo Canto D'Aqui; e o programa de rádio "Galiza mais perto", em parceria com a Rádio Universitária do Minho, são talvez algumas das mais destacadas. Além disto, também temos uma forte oferta de cadeiras universitárias e, já para um público mais reduzido, de cursos de idiomas. Assim, eu procurei (e procuro) continuar com as linhas já desenvolvidas por leitores/as anteriores e reativar aquelas iniciativas que foram suspendidas durante a pandemia do COVID.

A função do nosso CEG, junto com os nossos companheiros/as dos respetivos Centros da Universidade Nova de Lisboa e da Universidade do Algarve, é dar a conhecer a Galiza em Portugal e tender pontes entre os dois territórios. Neste sentido, ajudou na nossa função o facto de sermos territórios vizinhos com uma ampla história em comum e com importantes elementos partilhados nos âmbitos linguístico e cultural. Atualmente, o XIV Congresso da AIEG na Universidade do Minho está a ser um ponto de inflexão nas colaborações entre os nossos três Centros.



Thayane Gaspar Jorge
Programa de Estudos Galegos da
Universidade do Estado do Rio de Janeiro

Este ano cumpro dez anos como investigadora no âmbito dos estudos galegos e há quatro sou responsável por ministrar as disciplinas de galego em minha universidade, mas a minha história com a Galícia começou antes. Quando eu tinha catorze anos, lemos, na escola, uma cantiga medieval de Bernal de Bonaval, *A dona que eu am'e tenho por senhor*. Fui arrebatada pelo texto, decorei integralmente e recitei para a minha irmã durante alguns anos. Foi assim que me dei conta de que queria estudar literatura medieval quando crescesse, mas a certeza foi se desbotando e a memória dela também. Em 2011, ingressei na faculdade de Jornalismo e não encontrei textos que me mobilizassem daquela forma. Então, no ano de 2012, fui aprovada para cursar Letras na UERJ, com muitas expectativas de encontrar ali o que eu não havia encontrado no Jornalismo. E no meu primeiro dia de aula, a professora de Literatura Portuguesa recitou a cantiga de Bernal de Bonaval. E eu recitei junto, sendo levada por uma lembrança que estava na alma. A professora, estranhando a comoção, me perguntou: "Você já conhece o Programa de Estudos Galegos

que temos aqui, bem no final deste corredor?". Ela me acompanhou até lá, agora, dez anos depois, posso afirmar que entrei por uma porta mágica, porque, de alguma forma, ali aqueles 8.138 km se encurtavam e os professores que encontrei foram as minhas próprias vieiras amarelas indicando o caminho. Desde então, tento levar a Galícia aonde vou e me deixo disponível para ser encontrada por ela. E devolvo a oportunidade que me foi dada e me faço também uma espécie de portal: atualmente sou professora de uma eletiva de Literatura Galega numa escola municipal para alunos que hoje têm catorze anos.

ISSN **2975-9994**
Unha publicación da **Asociación Internacional de Estudos Galegos**
Coordinación: **Carlos Pazos-Justo**, **María Jesús Botana Vilar** e **María Xesús Lama**
Maquetaxe e deseño editorial: **Juan Manuel Escribano Loza**

ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

Apoios:

CIAC. CENTRO DE INVESTIGAÇÃO EM ARTES E COMUNICAÇÃO

fct Fundação para a Ciência e a Tecnologia